

Textos: BATA

Ilustracións: ALICIA SUÁREZ

Encadernación de espiral oculta con cartón.
26x22 cm. Colección Makakiños *día a día*.




DE FÁCIL LECTURA



NICOLÁS VA DE COMPRAS

32 páxinas en color. ISBN 978-84-92608-21-8



NICOLÁS COCINA SIN FUEGO

36 páxinas en color. ISBN 978-84-92608-20-1



Prezo: 16 €

MAKAKIÑOS *DÍA A DÍA* é unha nova liña editorial desta colección creada para achegar a lectura a persoas con necesidades educativas especiais. "Nicolás va de compras" e "Nicolás cocina sin fuego" son guías complementarias que os apoian no camiño para adquirir autonomía e autosatisfacción. Porque "un pequeno paso de formiga pode converterse nun paso de xigante"...

Coa guía de tendas visitarán establecementos onde se adquiren produtos de alimentación (froitería, verdulería, carnicería, peixería, panadería-pastelería, supermercado), prendas de vestir (tenda de roupa, zapatería), obxectos de agasallo (xoguetería, floristería, librería) e espazos de ocio (cafetería). De cada un amosa a lista de artigos que se poden atopar.



Co libro de receitas poden preparar pratos sans, nutritivos e saborosos, que se elaboran de xeito sinxelo, sen ningún proceso de cocción: canapés, sandwich e ensaladas para comer; brocheta de froitas e macedonia; boliñas de coco, trufas de chocolate, mousse de limón e xeadado de plátano para tomar de postre; bebidas como zume de laranxa,

batido de fresa e sorbete de melón. Tras repasar os ingredientes e utensilios necesarios, e indicar o grao de dificultade, descríbese o proceso de preparación. Para gozar do ambiente áxil e dinámico da cociña, entre sabores, cores e aromas.



Os textos adaptáronse á linguaxe de pictogramas SPC, o sistema de comunicación utilizado polas persoas con discapacidade intelectual, como autismo, disfasia e outros trastornos do desenvolvemento. Como novidade, as páxinas están encadernadas en espiral para facilitar o uso destes libros, que inclúen pegatinas, a modo de diccionario mimico, para que os usuarios poidan amosalas cando fagan a compra ou preparen as receitas culinarias.

MAKAKIÑOS é unha iniciativa pioneira da Asociación BATA e KALANDRAKA para superar as barreiras da incomunicación: libros "de fácil lectura" que buscan maior concreción e comprensión a nivel escrito e visual. A colección xa conta con adaptacións dos contos tradicionais titulados "El conejo blanco", "La ratita presumida", "Chivos chivones" e "El patito feo".

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com